

## BASES DO I CONCURSO DE CARTAS DE NADAL EN GALEGO AGASALLA CON XEITO

1. Poderán participar todas as persoas interesadas.
2. Todas as cartas incidirán no consumo responsable á hora de agasallar nas festas de Nadal.
3. Presentarase unha soa obra orixinal redactada en galego mecanografiada ou á man; no caso das crianzas, poden utilizar adhesivos.
4. Cada participante garantirá a veracidade da autoría da carta presentada.
5. Na carta deberá aparecer o nome e apelidos así como o enderezo e un número de teléfono de contacto.
6. A extensión máxima é de 300 palabras.
7. Establécense tres categorías:  
**Categoría 1:** persoas maiores de 18 anos  
**Categoría 2:** persoas de 10 a 18 anos  
**Categoría 3:** persoas menores de 10 anos
8. Os/as gañadores/as de cada categoría recibirán un agasallo acorde coa campaña Agasalla con xeito, que consistirá nun vale de uso gratuíto da piscina municipal da Baña durante todo un mes do verán (a escoller). Os premios serán entregados polos Reis Magos xunto cun diploma de participación en Agasalla con xeito.
9. As cartas participantes quedarán en poder do Concello da Baña e poderán ser reproducidas ou expostas no tempo e no modo que se consideren oportuno.
10. Os orixinais entregaranse nas dependencias do concello antes do 27 de decembro en persoa ou a través do correo electrónico [snl@concellodabana.gal](mailto:snl@concellodabana.gal).
11. O xurado estará formado por persoas do ámbito da educación e da lingua.
12. O fallo do xurado será inapelable. O xurado poderá declarar desertos algún dos premios se a calidade dos traballos non fose aceptable e valorará a orixinalidade, a creatividade e a calidade lingüística e os contidos axustados ao lema da campaña Agasalla con xeito.
13. A participación neste concurso supón a plena aceptación destas bases.